

Índice:

Paz

..... Suso López 2º B.H.

Retumban os ceos

..... Suso López 2º B.H.

Galicia, terra única

..... Clara Mª Martínez Canel, 1º ESO

Galicia

..... Silvia López Tella, 4º ESO

Mentres a dictadura

..... Silvia López Tella, 4º ESO

Tempo negro de soliedaridade

..... Vanessa Gromaz, 1º ESO

Misterio sen resolver

..... Alba Bouso Gallo, 4º ESO

Unha verdade casual

..... Patricia López López, 2º ESO

Paz

*Un ovo de esperanza
repousa inda
no niño da pomba*

Volve pombiña, volve!!!

*E ensina
ao mundo cruel
a túa criatura.*

Suso López 2º B.H.

Retumban os ceos

*Despábilate amor
que el horror
amanece
(M. Benedetti)*

*Retumban os ceos
laten os prados
ábrese a terra ao home*

*E eles
mentras
comen e comen,
pero o máis fodido
é que o fan
coa boca pechada
é
cos ollos no prato*

Suso López 2º B.H.

Galicia, terra única

*Galicia, terra única no mundo,
con prados cheos de fermosura,
con lugares marabillosos,
con xentes cheas de tenrura.*

*A túa lingua é considerada
por moitas das túas xentes
como algo inculto e groseiro,
para persoas pobres ou sen diñeiro.*

*Pero na realidade é
unha lingua chea de cultura
un sinal de identidade
para a xente que a fala na rúa.*

*Rosalía, Castelao, Pondal, ...
fixérona rexurdir
e gracias a estes personaxes
nela podemos escribir.*

*A túa paisaxe costeira
é algo único no mundo,
os teus acantilados e praias
son parte deste conxunto.*

*Mariñeiros, pescadores,
mariscadoras e percebeiros,
todos xuntos fan unha postal
chea de recordos pasaxeiros.*

*Aves, peixes, augas vivas
cheas de forza e valentía
que roxen contra as rochas da costa
con toda a súa forza.*

*Cidades, portos, montañas,
ríos e verdes prados,
fan desta nosa Galicia
algo xamais soñado.*

*O ruxir das ondas na praia,
o cantar dos paxaros na montaña,
o rir dos nosos paisanos,
fan que a recoñezamos.*

*A túa xente do interior
que traballa sen descanso
labrando as súas leiras
e coidando do seu gando.*

*Son xente marabillosa
da que podes estar orgullosa
pois non paran de traballar
e non pensan enfolgar.*

Clara Martínez Canel. 1º E.S.O.

A Galicia

*Por vez primeira te vin,
Abrín os ollos e aí estabas;
Ti sentiches o agarimo dunha nova filla,
Eu, que se me elevaba a alma.*

*Percorrín nun instante as túas pertenzas,
Erguín o corazón ó vento;
Só cunha ollada puíden divisar o todo e a nada,
Deixei levar polos teus sentimentos.*

*No berce adormecida, descoidada,
Baixo as miñas mantiñas, descoñecía
A crueldade coa que foras tratada,
A inxenuidade da ironía.*

*Era recén chegada a este mundo,
E máis coitada, sentía frialdade.
Non sabía nada da vida,
E xa notaba tristura camuflada baixo amabilidade*

*Todo era novo e eu xa o sentira,
Sen saber como á miña mente recordos acudían,
Non podía deixar de observar o antónimo a ledicia,
E polas miñas veas o sangue fervía.*

*A terra que me adoptara facía escasos segundos
Non era feliz, ¡algo pasaba!
A loita arrebatáralle as ganas de vivir
E trala forza amosada só o osoballamento perduraba.*

*De repente enteireime de qué era o que pasaba,
De por que sentía o vivido sen vivir;
Eu era o bardo defensor do pobo galego,
Era a chave para abrir unha nova vida feliz.*

*Conforme pasan os anos decateime,
Non son aquel bardo idealista,
Son algo menos recoñecido,
Son unha voz que se alza a favor da súa Galicia.*

Silvia López Tella. 4º E.S.O.

Mentres a dictadura ...

*Mentres a dictadura afondaba a túa existencia,
Ti non calabas, seguías fiel ós teus principios;
Loitabas xunto cos teus fillos
Por unha merecida recompensa.*

*Castela tamén te quixo menosprezar,
e ti, sen saber como, armácheste de orgullo
e enfrontácheste ós teus medos para loitar,
de maneira que os galegos se alzaron co triunfo.*

*Cando a penas tiñas forzas,
E te tomaban por enterrada nos séculos escuros,
Ti rexurdiches, e brotaches ás agachadas
Con axuda de Rosalía, Pondal e Curros.*

*Cantas batallas polo que era teu,
E todas gañadas polo pobo galego;
Con forza e unión entre todos,
As victorias non tardarían en unir territorios.*

*A expansión ideal foi contaxiada,
E a países veciños chegou;
Armáronse revoltas entre a sociedade
E á fin, a liberdade aflorou.*

*A lingua galega mentres allea,
A conflitos, loitas e traición;
Non utilizada no rexistro culto,
Pero pouco a pouco mellorando a súa posición.*

*A Galicia pasada rematou,
Para iso tivo que sufrir,
Esperemos que ó futuro da mesma,
Lle espere un bo porvir.*

Silvia López Tella. 4º E.S.O.

Tempo negro de solidariedade

*Ti es o mal do meu desexo,
desexo que doe,
que me doe por dentro,
por dentro neste intre,
intre salpicado de negro,
negro coma o medo da ave,
ave que lle treme o corpo,
corpo que desaparece na escuridade,
na escuridade deste acontecemento,
acontecemento negro que se perde,
que se perde no ceo,
ceo que mira pola xente,
xente que chega ó porto,
ó porto a luz da noite,
noite que conxela o meu pensamento,
pensamento de solidariedade,
solidariedade cara o noso... ¡pobo!.*

*Este non é o meu desexo,
desexo que impediría o de sempre,
"sempre" non, e menos tampouco,
tampouco se sairá facilmente adiante,
¡adiante!, mostraremos o noso odio,
odio hacia os vertidos do "Prestige"
"prestige" era chamado,
chamado é,
é, pero non por esta desgracia deste feito,
feito que ten nome,
nome que lle puxo un galego,
galego que o recordará como o "chapapote",
o "chapapote" que acabou co noso monumento,
monumento que non merecía o "p",
o "p" de prestíxo,
prestíxo negro hacia este,
este xamais foi o meu desexo.*

Vanessa Gromaz. 1º E.S.O.